



ANUNCIO DO TRIBUNAL CUALIFICADOR DO PROCESO SELECTIVO CONVOCADO PARA A PROVISIÓN DE UNHA PRAZA DE XESTOR/XESTORA DE CONTIDOS E SOPORTE DE ADMINISTRACIÓN ELECTRÓNICA, GRUPO C, SUBGRUPO C1, DA ESCALA DA ADMINISTRACIÓN ESPECIAL, SUBESCALA DE SERVIZOS ESPECIAIS, CLASE DE COMETIDOS ESPECIAIS, INCLUÍDA NA OFERTA DE EMPREGO PÚBLICO DOS ANOS 2017 E 2020, POLA QUENDA LIBRE.

Reunido o Tribunal Cualificador o día 28 de xuño de 2021, para proceder á elaboración da lista de reserva do proceso selectivo convocado para a provisión de unha praza de xestor/xestora de contidos e soporte de administración electrónica, grupo C, Subgrupo C1, da escala da administración especial, subescala de servizos especiais, clase de cometidos especiais, incluída na oferta de emprego público dos anos 2017 e 2020, pola quenda libre, adoptou o seguinte acordo:

" (...) **ELABORACIÓN DA PROPOSTA DE LISTAXE DE RESERVA:** De conformidade co disposto na amentada base 22ª, nas quendas libres, os/as opositores/as que superen algún dos exercicios da oposición, incluíranse, de oficio, nas listas de reserva para cubrir necesidades de emprego de carácter interino ou temporal. Asemade, poderán ser chamados/as nos mesmos termos para prover temporalmente postos reservados ao persoal laboral, cando o seu grupo, categoría e funcións sexan as mesmas. Non obstante, **non poderán formar parte** destas listas de reserva os/as aspirantes que, ademais de non achegar na súa solicitude de participación á praza correspondente a acreditación do nivel de Celga exixido non obtivesen a puntuación mínima requirida para superar o exercicio sobre coñecemento do idioma galego.

Incluíranse na lista de reserva, en primeiro termo, aqueles/as opositores/as que superasen todos os exercicios da oposición e non obtían praza, segundo a mesma orde de puntuación que obtivesen na oposición.

A lista completárase con aqueles/as aspirantes que superasen todos os exercicios obrigatorios e eliminatorios da oposición agás o último, segundo a orde de puntuación que obtivesen sumando todas as puntuacións obtidas nos exercicios realizados ata o momento en que resultaran eliminados do proceso selectivo.

Seguidamente incluíranse na lista os/as aspirantes que superaran todos os exercicios obrigatorios e eliminatorios da oposición agás o penúltimo e así sucesivamente, segundo a orde establecida no parágrafo anterior.

No suposto de empate nas puntuacións de dous ou máis aspirantes a incluír na lista de reserva, este resolverase tendo en conta a maior puntuación obtida no primeiro exercicio e se isto non fose abondo, pola puntuación obtida nos sucesivos exercicios ata que o empate se resolva.

De persistir o empate, este resolverase mediante sorteo, cuxa realización se anunciará, para a posible presenza dos/as aspirantes afectados/as, sinalando o lugar, día e hora da súa realización, mediante anuncio publicado, cunha antelación mínima de 24 horas, no taboleiro de anuncios do Concello, sito na rúa Michelena 30 (baixo) e, de forma complementaria, na sede electrónica do Concello de Pontevedra (sede.pontevedra.gal).

"(...) **PROPOSTA DA LISTA DE RESERVA.-** En consecuencia, o tribunal eleva á concelleira delegada do Servizo de Persoal e Cultura a proposta da listaxe de reserva, con especificación das puntuacións obtidas polos aspirantes incluídos nesta:

ORDE	OPOSITOR	1º EXERCICIO	2º EXERCICIO	3º EXERCICIO	4º EXERCICIO	5º EXERCICIO	PUNTUACIÓN TOTAL
1	FERNANDEZ VILLAR, CARLOS	5,67	6,5	2,99	5,5	2,7	23,36
2	ALONSO PEREZ, SAMUEL	6,33	6	1,55	5	2,4	21,28
3	LOPEZ RODRIGUEZ, JAIME	8,67					8,67
4	MORQUECHO REY, BELEN	7					7
5	DOVAL CANABAL, SANTIAGO	6,33					6,33
6	VILLVERDE GULIAS, MANUEL	6					6

(...)

RÉXIME DE RECURSOS.- Contra as resolucións do Tribunal e os seus actos de trámite cualificados, como son as asignacións de puntuacións ou proposta de nomeamento, poderá interpoñerse, para esgotar a vía administrativa, o recurso de alzada ante a autoridade que o nomeou (Concelleira do Servizo de Persoal e Cultura), no prazo de un mes, contado a partir do día seguinte ao da súa publicación no taboleiro de edictos, consonte ao establecido no artigo 121 e seguintes da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

Non obstante, as persoas interesadas tamén poderán interpoñer calquera outro recurso que estimen procedente, consonte a dereito.

A secretaria do Tribunal, na data da súa sinatura electrónica

